

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 4 DE XANEIRO DE 2007.-

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. Xosé María Rivera Arnosó.

Asistentes:

D. Xosé María Permuy Martínez.
D. Andrés González Vizoso.
D^a Alicia Martínez González.
D. Xosé Anxo González Tomé.
D. Manuel V. Pico Sanmartín.
D^a Rita María Couto Seijido.
D. José Iván Puentes Rivera.
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.
D^a Carmen Goti Ramil.
D. Carlos García Bermúdez.
D. Jorge Luis Yáñez Fernández.
D^a Elvira Amado López, (quen toma posesión do seu cargo no momento que se expresa na presente acta)
D^a Isabel Blanco Pico.
D^a Amalia Malvar Fernández.
D^a M^a Pilar Fornos Corral.
D. Manuel Sánchez Martínez.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezoito horas e dous minutos do día catro de Xaneiro de dous mil sete, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Xosé María Rivera Arnosó, e coa asistencia dos/as Concelleiros/as Don Xosé María Permuy Martínez, Don Andrés González Vizoso, Dona Alicia Martínez González, Don Xosé Anxo González Tomé, Don Manuel V. Pico Sanmartín, Dona Rita María Couto Seijido, Don José Iván Puentes Rivera, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Dona Carmen Goti Ramil, Don Carlos García Bermúdez, Don Jorge Luis Yáñez Fernández, Dona Elvira Amado López, (quen toma posesión do seu cargo no momento que se expresa na presente acta), Dona Isabel Blanco Pico, Dona Amalia Malvar Fernández, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste a Interventora accidental D^a M^a Luisa López Bouza e actúa como secretaria Dona Pilar María Pastor Novo, secretaria do Concello, que da fe do acto.

Interventora:

D^a M^a Luisa López Bouza.
Interventora accidental.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

Secretaria:

D^a Pilar María Pastor Novo.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS DO 21 E 28 DE NOVEMBRO, EXTRAORDINARIA URXENTE DO 30 DE NOVEMBRO E ORDINARIA DO 7 DE DECEMBRO DE 2006.-

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións extraordinarias do 21 e 28 de novembro de 2006, extraordinaria urxente do 30 de novembro de 2006 e ordinaria de data 7 de Decembro de 2006, previamente remitidas coa

convocatoria, e non formulándose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas cos votos a favor dos/as Señores/as Rivera Arnos, Permuy Martínez, González vizoso, Martínez González, González Tomé, Pico Sanmartín, Couto Seijido, Puentes Rivera, Rodríguez Carballeira, Goti Ramil, García Bermúdez, Yáñez Fernández, Blanco Pico, Malvar Fernández, Fornoso Corral e Sánchez Martínez.

2º.- TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA POLO PARTIDO POPULAR Dª Mª ELVIRA AMADO LÓPEZ.-

Seguidamente dáse conta da credencial de Concelleira enviada pola Xunta Electoral Central en data 18 de decembro de 2006, que tivo entrada neste Concello o 22 de Decembro de 2006 (número 7966) a favor de Dª María Elvira Amado López por renuncia de Dª Purificación Rodríguez Rico, así como de que a Concelleira presentou as correspondentes declaracións de Bens e Intereses.

Por parte do Sr. Alcalde-Presidente fáiselle a seguinte pregunta: ¿Xura ou promete pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleira, con lealdade ao Rey e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?, ao que a Sra. Amado López resposta: Xuro.

Nestes momentos o Sr. Alcalde-Presidente dálle a benvida.

3º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR E A FEGAMP PARA A COLABORACIÓN NA EXECUCIÓN DA MEDIDA XUDICIAL DE PRESTACIÓNS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE.-

A continuación dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Sanidade, Muller e Consumo emitido en data 5 de Decembro de 2006 que transcrito di o seguinte:

“AO PLENO DA CORPORACIÓN

“5.- CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR E A FEGAMP PARA A COLABORACIÓN NA EXECUCIÓN DA MEDIDA XUDICIAL DE PRESTACIÓNS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE

Visto o informe-proposta emitido por Dna. Genoveva Sayago Martínez, psicóloga do Departamento de Servizos Sociais, de data 5 de decembro de 2006, en relación coa sinatura dun convenio de adhesión ao Protocolo Xeral do 9 de xuño de 2006 entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a FEGAMP para a colaboración na execución da medida xudicial de prestacións en beneficio da comunidade, a Comisión, en votación ordinaria e por unanimidade das señoras e señores asistentes estimou oportuno propoñer ao Pleno da Corporación a aprobación da proposta presentada, que transcrita di:

1. INTRODUCCIÓN:

O 9 de xuño de 2006 asinouse o Protocolo Xeral entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a FEGAMP para a colaboración na execución da medida xudicial de prestacións en beneficio da comunidade en virtude da L.O. 5/2000 de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

A entrada en vigor da mencionada lei en xaneiro de 2001, e a aprobación do seu regulamento (Real decreto 1774/2004, de 30 de xullo) fixo necesario a sinatura deste Protocolo Xeral para substituír ao anterior Acordo Marco asinado o 17/06/98 entre a extinta Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e a FEGAMP.

Correspóndelle á Xunta de Galiza, a través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a execución das medidas xudiciais impostas polos Xuíces de Menores ás/os menores que, tendo unha idade comprendida entre os 14 e 18 anos, cometeran feitos tipificados como delitos ou faltas.

Entre ás medidas que se lles poden impoñer, en virtude do artigo 7 da L.O. 5/2000 atópase a de Prestacións en Beneficio da Comunidade na que a/o menor, sobre a/o que recaera a dita medida, deberá realizar actividades non retributivas de carácter social o en beneficio de persoas en situación de precariedade.

A función da Vicepresidencia, a través da Secretaría Xeral do Benestar é a de proporcionar os recursos necesarios para facilitar a execución desta medida, polo que se require e solicita a colaboración dos concellos, como entidades públicas máis próximas ás/os cidadás/áns e con recursos en distintas áreas de actuación, o cal suporía contar cun número importante de medios que permitirían adecuar o contido educativo da medida ás características das/os menores infractoras/es e relacionar as actividades que teñan que realizar coa natureza do ben xurídico lesionado polos feitos cometidos.

2. POSÍBEIS ÁREAS PARA A EXECUCIÓN DAS MEDIDAS :

- § Biblioteca Municipal
- § Piscina Municipal
- § Parques e Xardíns
- § Actividades socioculturais

3. COLECTIVO AO QUE VAI DIRIXIDO

Menores empadroadas/os en Fene, con idades comprendidas entre os 14 e 18 anos, que cometeran feitos tipificados como delitos ou faltas e, ás/os que dende o Xulgado de Menores se lles impuxera coma medida xudicial a Prestación en Beneficio da Comunidade.

4. PERSOA DE REFERENCIA:

A persoa de contacto do Departamento de Servizos Sociais Municipais a efectos deste convenio, para posibilitar a execución e seguimento das medidas de Prestación en Beneficio da Comunidade será a psicóloga M^a Genoveva Sayago Martínez.

5. PROPOSTA

- § Aprobación polo Órgano competente do Concello a adhesión ao Protocolo

- § Remisión á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a relación de áreas nas que as/os menores poderán realizar as súas prestacións.
- § Unha vez recibido o visto e prace do punto anterior, cumprimentación e envío do convenio de adhesión acompañado polo acordo do órgano competente onde se aproba a adhesión.”

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez, quen unha vez concedido manifesta que hai que ter en conta que dada a situación de vacacións nestes momentos quedou sen dilixenciar o ditame pero que no momento en que se incorpore a profesional farase.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que van manter a postura que xa mantiveron na comisión informativa e van votalo a favor.

Rematado o debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Sanidade, Muller e Consumo de data 5 de Decembro de 2006, resultando aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Sanidade, Muller e Consumo anteriormente transcrito.

4º.- APROBACIÓN PROXECTO ABASTECIMIENTO DE AUGA A MAGALOFES.-

Seguidamente por parte de Secretaría, dáse lectura á Proposta da Alcaldía de data 4 de xaneiro de 2007 que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Atendido que en data 19 de decembro de 2006, polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal emitíuse informe verbo do “PROXECTO CONSTRUCTIVO DE ABASTECIMIENTO DE AUGA A MAGALOFES”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Don Marcelino López Méndez de data novembro de 2006, informe no que se fixeron unha serie de observacións de carácter técnico a dito documento que fixeron necesarias certas modificacións.

Atendido que á vista do sinalado no referido informe solicitouse do redactor do proxecto a rectificación do mesmo, ao obxecto de cumprimentar, dende o punto de vista técnico, o sinalado polo enxeñeiro municipal no referido informe.

Visto o proxecto técnico da obra “PROXECTO CONSTRUCTIVO DE ABASTECIMIENTO DE AUGA A MAGALOFES”, redactado polo enxeñeiro de camiños, Don Marcelino López Méndez, cun presuposto de execución por contrata de 823.806,11 €, no que se cumprimentan algunhas das observacións feitas polo técnico municipal.

Visto o informe emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal de data 3 de xaneiro de 2007.

Vista a nota informativa de Secretaría 1/2007, de dat 4 de xaneiro de 2007, que , transcrita dí:

“NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA

1/2007

Téndose incluído na Orde do Día da sesión ordinaria a celebrar polo Pleno da Corporación en data 4 de Xaneiro de 2007, o asunto relativo a “Aprobación proxecto abastecemento de auga a Magalofes”, e examinada a documentación que obra no correspondente expediente, por esta Secretaría fánse as seguintes observacións:

CUESTIÓN PREVIA – CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que se dirá déixase constancia do escaso tempo hábil con que contou esta Secretaría para o exame do expediente, en concreto dos informes do enxeñeiro de camiños canles e portos municipal aos que se fará referencia (o informe de data 3 de xaneiro de 2007 entrégase a esta Secretaría o día da data) o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas , polo que as consideracións que seguen poden ser ulteriormente ampliadas e/ ou matizadas.

1.- Non consta na documentación examinada proposta de acordo nin o preceptivo dictáme da Comisión informativa correspondente.

O artigo 82 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (R.O.F.) no seu parágrafo segundo, dispón :

“ En el orden del día sólo pueden incluirse los asuntos que hayan sido previamente dictaminados, informados o sometidos a consulta de la Comisión Informativa que corresponda”

O dictáme, tal el como dispón o artigo 97 do R.O.F. é a propota sometida ao Pleno tra-lo estudio do expediente pola Comisión Informativa. Contén unha parte expositiva e un acordo a adoptar.

A única excepción que permite adoptar acordos incluídos na orde do día sen dictáme preceptivo previo ven recollida no párrafo terceiro do artigo 82 do devandito texto regulamentario e require unha garantía adicional, a saber, que se de a circunstancia da urxencia motivada e que o Pleno ratifique a súa inclusión na orde do día , debendo a urxencia ser obxectiva.

A esixencia do dictáme constitue , polo tanto, un presuposto de validez dos acordos adoptados polo Pleno, polo que a adopción de acordos sen que previamente foran dictaminados pola Comisión informativa correspondente incurren nun vicio determinante da súa nulidade.

Así, a Xurisprudencia ven a declarar a nulidade de pleno dereito dos acordos adoptados sen previo dictáme, e neste sentido, poden citarse as seguintes sentencias:

Sentencia do Tribunal Superior de Xusticia de Castela A Mancha, de 30 de outubro de 2000, que sinala no seu fundamento de dereito segundo o seguinte:

“... Por otro lado consta también que el asunto incluído en el orden del día no fué sometido a dictámen de la correspondiente Comisión Informativa, lo que transgrede de forma flagrante lo dispuesto en el artículo 82.2 do ROF y es igualmente motivo de nulidad de pleno derecho.

Se trata de infracciones graves de normas esenciales de formación de la voluntad del Pleno, máximo órgano colegiado expresivo de la soberanía municipal, que por ello, tiene

encaje de manera clara y patente en el artículo 62.1 e) de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.”

Sentencia do Tribunal Superior de Xusticia da Comunidade Valenciana de 12 de xullo de 2005, que no seu fundamento de dereito Cuarto, establece:

“ Cuarto.- A tenor de lo dispuesto en el artículo 119.1 b) del RD 2568/1986, de 28 de noviembre, las Comisiones Informativas son órganos complementarios de las Entidades Locales territoriales.

(.....)

Y así, se considera que es presupuesto de validez de los acuerdos adoptados en sesión ordinaria del Pleno municipal el previo dictamen de la correspondiente Comisión Informativa (sentencia del TS de 28 de febrero de 1996).

El carácter previo del dictamen, debe analizarse desde la óptica de lo impuesto por los arts. 82.2 y 84 del Reglamento orgánico , y así debe concluirse que en el momento de la convocatoria de la sesión del Pleno debe estar a disposición de los miembros de la Corporación, el mencionado dictamen de la Comisión Informativa, pues sólo así puede incluirse en el orden del día el asunto dictaminado, y garantizar a los Concejales el examen de la documentación necesaria para la emisión de su voto.

En el supuesto de autos, es obvio que , el orden del día para los plenos se configura sin que previamente hayan sido dictaminados o sometidos a consulta de la comisión informativa, por lo que, en este punto, el acuerdo de la Corporación debe ser anulado, por ser contrario a derecho”.

2.- No día da data- con posterioridade, polo tanto, á convocatoria – entrégase a esta Secretaría para a súa incorporación ao expediente un novo proxecto (có mesmo título e no que figura a mesma data que o anterior) e un informe do enxeñeiro municipal de data 3 de xaneiro de 2007, documentación ésta que, polo tanto, non estivo a disposición dos Sres/as Concelleiros/as dende o momento da convocatoria, o que , a xuízo da que subscribe, supón unha infracción do disposto no artigo 84 do R.O.F., que dispón que *“ Toda la documentación de los asuntos incluidos en el orden del día que debe servir de debate y, en su caso, votación, deberá estar a disposición de los miembros de la Corporación desde el mismo día de la convocatoria en la Secretaría de la misma”.*

Por outra banda, cómpre sinalar que os expedientes, para a súa inclusión na orde do día deben atoparse conclusos e entregados na Secretaría da Corporación para o seu exame. Neste senso, o artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, dispón que *“1. Conclusos los expedientes, se entregarán en la Secretaría de la Corporación quien, después de examinarlos, los someterá al Presidente.”*

En atención ao exposto, a xuízo desta Secretaría, a inclusión do asunto na Orde do día infrinxe o disposto nos preceptos regulamentarios citados.

3-No informe do enxeñeiro municipal non se contén pronunciamento verbo da adecuación do proxecto a lexislación urbanística e de protección do medio rural, así como do planeamento en vigor.

O artigo 198.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia establece que *“ As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e de protección do medio rural, así como do planeamento en vigor”.*

Á vista do disposto en dito precepto, con carácter previo á adopción do acordo débese subsana-lo mediante a incorporación de informe técnico que conteña un pronunciamento expreso verbo de ditos extremos.

4.- Sen prexuízo doutras consideracións que se poidan facer unha vez examinados con máis detemento os informes técnicos emitidos, cómpre sinalar que, dado que nos informes do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal fáise referencia á necesidade de autorización autonómica previa á licenza urbanística municipal respecto do depósito ubicado en S.R.E.P.A., e considerando que cuando se trata de obras municipais, mediante a aprobación do proxecto técnico se realizan os mesmos controis das licenzas de obras e, por iso a substitúen e a fan innecesaria (STS de 18-4-2000, entre outras), e que , segundo o disposto no artigo 196.4 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, “ Non se poderá conceder licenza sen que se acredite o outorgamento da autorización da Comunidade Autónoma cando fose procedente de acordo có disposto nesta lei”, debe, a xuízo desta Secretaría, con carácter previo á aprobación do proxecto constar no expediente a correspondente autorización autonómica.

Asemade, entende a que subscribe que deben, con carácter previo , incorporarse as autorizacións dos organismos a que se refire o enxeñeiro municipal no seu informe de data 19 de decembro de 2006 e os informes santiario e de Aquagest, aos que tamén se alude no citado informe.

En atención ao exposto, a xuízo da que subscribe, non procede a aprobación do proxecto , debendo con carácter previo á adopción do acordo subsanarse o expediente mediante a cumprimentación dos trámites e emisión de informe aos que se fixo referencia. En todo caso, e tendo en conta o escaso tempo hábil de que se dispuxo para o exame do expediente, por esta Secretaría ao obxecto examinar máis detidamente os informes técnicos obrantes no expediente solicítase que o asunto quede pendente ata a próxima sesión.

É o que expoño nesta nota informativa que ocupa tres (3) planas. A presente nota é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza e polo escaso tempo de que se dipuxo para o seu exame requiren dun exame máis coidado dos informe técnicos, polo que as consideracións feitas poderán ser ulteriormente ampliadas e/ ou matizadas nun informe emitido de acordo có que dispón a normativa aplicable.”

Considerando que , tras negociacións verbais do grupo de goberno coa Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento sostible, polo Director Xeral de Augas adoptóuse o compromiso verbal de financiar e executar a obra anteriormente referenciada, sempre que a elaboración do proxecto fose asumida polo Concello.

Considerando urxente proceder á aprobación do proxecto elaborado ao obxecto de remitir o mesmo ao citado Organismo, toda vez que o compromiso adquirido polo grupo de goberno foi o da súa remisión , unha vez aprobado, no mes de decembro, prazo éste xa sobrepasado, polo que non se considera conveniente atender ao sinalado na nota informaiva de Secretaría e á petición formulada por ésta por canto suporía deixar pendente o asunto e demorar o seu estudio ata a próxima sesión plenaria, e implicaría dilatar en exceso o a tramitación.”

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico da obra “PROXECTO CONSTRUCTIVO DE ABASTECIMIENTO DE AUGA A MAGALOFES”, redactado polo enxeñeiro de Camiños Don Marcelino López Méndez, cun presuposto de execución por contrata de 823.706,11€, condicionando a eficacia do presente acordo á obtención da autorización autonómica, e a do Ministerio de Fomento/Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, como titular da N-651, Deputación Provincial de A Coruña, como titular da CP-3503 e da Consellería de Cultura e Deporte, Dirección Xeral de Patrimonio,Cultural como organismo competente no tramo do Camiño de Santiago (“Camiño Ingles”) en Rego da Moa, así como aos informes favorables da autoridade sanitaria e de AQUAGEST.

Segundo.- Adopta-lo compromiso de realizar os trámites pertinentes en orde obte-la plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución da referida obra e a obtención das autorizacións necesarias.

Terceiro.- Remitir certificación do presente acordo, xunto cun exemplar do referido proxecto técnico á Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento sostible, Dirección Xeral de Augas.

Cuarto.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a realización dos trámites necesarios para a xestión do presente acordo.”

Aberto o debate, pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que quere dicir que os compañeiros da oposición, a maioría deles xa coñecen como foi todo este proceso da impulsión de auga a Magalofes, dicir que foi unha reunión que se deu xa a remates do verán co Director Xeral de Augas e co Conselleiro de Medio Ambiente, e a partir de aí deuse unha co Director Xeral de augas que foi onde se comprometeron a redactar o proxecto e que eles asumirían a obra, a partir de aí redactouse o proxecto, fixéronse xestións porque para facer o proxecto había que ter a ubicación do depósito e fóronse dando pasos ata que na anterior comisión informativa chegou a obra no interior da Corporación. Continúa o Sr. Pico Sanmartín dicindo que a obra ten un orzamento de 823.706,11 € que é financiada integramente pola Consellería de Medio Ambiente que nun principio, na memoria valorada que lle presentaron ao Conselleiro ía a impulsión e a distribución, que a distribución houbo que quitala porque había un cálculo mal feito nas tuberías e houbo que cambiar as tuberías de impulsión e iso subiu a obra aproximadamente quince millóns de pesetas e polo tanto houbo que sacarlle distribucións, distribucións que terá que facer o Concello despois en fases como se poida e como se fai nos demais sitios; di que nesa Comisión acordouse ademais, cre que foi así o acordo de tódolos grupos, que plantexaron que o proxecto tiña algunhas deficiencias, que se encargan a súas correccións e que viñeran ao pleno corrixidas, e que iso cumpriuse, que o proxecto está corrixido tal cal o pediu o enxeñeiro municipal, agás no depósito, que xa se facía ver polo enxeñeiro que podía subir o prezo da obra e iso neste momento é inviable porque o depósito loxicamente tiña que ir en dous departamentos, hai que dicir que vai nun departamento só, e polo tanto, ao mellor un día cada seis ou oito anos Magalofes un día ten que quedar sen auga porque hai que limpar eses depósitos, é certo que se pode dar iso, pero, en calquera caso, non é un problema que incida para nada na seguridade da auga nin cousa parecida; que traen este acordo ao pleno, ratificado polos demais membros da Corporación e queren con isto poder darlle auga a Magalofes que é a única parroquia que falta por ter auga, que ao longo do Concello hai algúns núcleos pequenos aínda sen auga e Magalofes de feito vai quedar aínda sen ela pero polo menos vaina ter arriba e dende aí pódese empezar a pensar en distribuila.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen unha vez concedido manifesta que quere deixar claro que van votar a favor deste proxecto, fundamentalmente porque é unha obra que se leva demandando dende hai moito tempo e que ademais consideran absolutamente prioritaria para Magalofes neste caso, como dende o principio da lexislatura veñen denunciando noutros moitos sitios que un dos grandes déficits que ten o Concello de Fene precisamente é non ter estendida a rede de auga e saneamento a unha parte considerable do Concello, polo tanto, tendo claro que isto para Magalofes é prioritario, para o Concello de Fene tamén, ademais de ser unha obra que se contemplaba no programa electoral que o partido socialista presentou ás ultimas eleccións municipais, loxicamente non poden facer outra cousa que votar a favor. Continúa o Sr. Puentes Rivera dicindo que si que queren facer algunhas consideracións sobre o informe técnico que se adxunta a este proxecto, trátase dun proxecto que foi xa abordado na comisión de urbanismo do 26 de decembro do ano pasado, no que houbo un acordo para sacalo adiante cunha serie de consideracións que se fixeron, algunhas por parte do grupo socialista e que foron contempladas polo técnico municipal no informe que emitiu nun primeiro momento, foron modificadas no proxecto que saíu daquela comisión e corrixidas e polo tanto contempladas no novo informe; que con respecto ao informe definitivo do técnico que ven a este pleno e que acompaña ao proxecto que hoxe hai que aprobar aquí, queren facer dúas consideracións, en primeiro lugar sobre as características técnicas do proxecto e xa se dixo tamén, que tecnicamente sempre resulta conveniente que o depósito contemplado para a distribución de auga en Magalofes, aínda mantendo a mesma capacidade que o que está proxectado na actualidade, dispoña dunha división interior que permita cando se produza algunha fuga, ou simplemente cando haxa que limpar o depósito, anular unha parte del e seguir abastecendo de auga á parroquia coa outra parte que quedaría utilizable en lugar do que tería que pasar co depósito que hai na actualidade, que se hai calquera fuga ou hai que limpalo simplemente cortaríase a subministración de auga á parroquia de Magalofes; di que isto o defenderon daquela, o seguen a defender e celebran que o técnico o contemple no seu proxecto e lles gustaría que polo menos se contemplase o seu apoio e a súa consideración de que se economicamente non pode ser, pois non poderá ser, pero que polo menos mellor e mais rendible no futuro sería e que se teña en conta para futuras actuacións ou para cando se mellora esta liña de abastecemento. Continúa o Sr. Puentes Rivera a súa intervención e di que tamén tecnicamente hai outra cousa que lles preocupa das que contempla o técnico no seu informe, que é que di expresamente que a liña de auga que vai levar o abastecemento a Magalofes que vai por unha das marxes da estrada provincial fundamentalmente e que, polo tanto, unha banda desa estrada terá un abastecemento completo e sen ningún tipo de deficiencias, mentres que a outra banda, baixo o seu punto de vista, e dado que é bastante improbable que a Deputación permita furar a estrada en varios tramos para darlle abastecemento a cada unha das casas que queden enfronte da tubería, o técnico considera que esas vivendas ou non van ter abastecemento ou como mínimo para telo o terían maás caro, posto que terían que salvar a estrada sen furar o asfalto, iso tamén lles preocupa e consideran que é unha deficiencia importante que contempla este proxecto; di que a solución mais viable que ve o técnico e eles tamén é o desdoblamento da tubería para que se surta de auga polas dúas marxes da estrada, tendo en conta que ademais é nas beiras desa estrada provincial onde máis clientes potenciais vai ter a auga, polo tanto si que lles gustaría e ligado a un rogo que fará ao final deste pleno sobre os orzamentos do 2007, que neses orzamentos se puidese contemplar unha cantidade económica para solventar esta deficiencia que non vai ser menor unha vez que Magalofes teña servizo de auga; que tamén no informe fanse unha serie de consideracións sobre diversas autorizacións e permisos que debería ter o proxecto, hai algúns que non lles preocupa tanto, como pode ser a autorización da Comunidade Autónoma para emprazar o depósito na zona onde está previsto emprazalo ou tamén as autorizacións do Ministerio de Fomento, da Deputación provincial ou da Dirección Xeral do Patrimonio para o paso da tubería, que non lles preocupan tanto porque son previas

ao outorgamento da licenza urbanística municipal, hoxe se aproba o proxecto e confían en que por parte do grupo de goberno estea en marcha a tramitación desas autorizacións para que no momento no que haxa que decidir a licenza urbanística municipal pois estean tramitadas e todo en regra, pero si hai dúas que lles preocupan porque deberían ir engadidas a este proxecto que é o informe sanitario que ten que emitir a autoridade sanitaria correspondente sobre o proxecto de saneamento e, sobre todo, lles preocupa o informe da empresa Aquagest, concesionaria dos servizos municipais de auga e saneamento porque, tal e como sinala o técnico, di que no punto 1.3 do prego da concesión da explotación dos servizos municipais de abastecemento de auga e rede de saneamento do Concello de Fene, adxudicado a Aquagest, establécese como obriga do concesionario de informar e de asesorar tecnicamente á Corporación en todo o relativo aos servizos de auga e rede de saneamento polo que, en función do que di o técnico, procede de forma obrigatoria o informe de Aquagest, que poderá condicionar as consideracións que fai neste informe, que descoñecen este informe de Aquagest e queren saber se se solicitou este informe á concesionaria, obrigándolle simplemente a cumprir o contrato que ten asinado co Concello de Fene e, no caso de que se teña solicitado, se Aquagest o entregou, porque de non ser así estaríamos diante un novo incumprimento desta empresa co Concello de Fene no que se refire ao abastecemento de auga a tódolos veciños e veciñas. Continúa dicindo o Sr. Puentes Rivera que para rematar, e con estas consideracións, sobre todo as dúas últimas feitas, queren salientar, como xa fixeron noutras ocasións, a necesidade, baixo o seu punto de vista de que cando se encargue un proxecto a unha empresa allea ao Concello de Fene como se fai habitualmente, non estaría de máis que previo a ese proxecto os técnicos municipais emitisen unha serie de condicións previas, ou informe previo á elaboración do proxecto para que cando a empresa redacte o proxecto que o Concello lle encarga se faga con esas consideracións que os técnicos recordan ocasión tras ocasión e non se teña que andar emendando e aprobando os proxectos a última hora como pasa moitas veces; que a pesar diso e das consideracións que fan, cren como dicía ao principio, que a obra é prioritaria e vital, porque a auga e o saneamento é o mínimo que un Concello lle pode ofrecer aos veciños e veciñas, vital para a parroquia de Magalofes, que non se puido facer no pasado, baixo o seu punto de vista, porque tampouco probablemente no Concello de Fene non houbera a sensibilización suficiente con este tema, pero fundamentalmente non se puido facer porque é unha obra moi cara e unha obra que nunca recibiu a comprensión da anterior Xunta de Galicia porque nunca se comprometeu a financiar unha obra destas características e que agora, afortunadamente e co compromiso da actual Xunta de Galicia e neste caso da Consellería de Medio Ambiente, se destiñan ao Concello de Fene os recursos económicos necesarios para poder abordala e a parroquia de Magalofes poderá por fin ter ese servizo de abastecemento de auga que leva tantos anos reclamando, polo tanto o voto do grupo municipal do PSdeG-PSOE vai ser a favor deste proxecto.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Blanco Pico quen, unha vez concedido manifesta que queren facer constar que o informe que se presenta a este pleno ten data do día 4 e como apunto a Secretaria no seu informe, é imposible analizar a documentación cando se entrega a última hora, non hai ditame da comisión informativa, onde se pediu que se corrixa o proxecto presentado inicialmente, e que non lles consta que se corrixiran, así como apuntaba o voceiro do PSOE, o tema do depósito, o tema de abastecemento aos veciños que só terán de momento os da marxe dereita da estrada, ou as graves deficiencias que pode ocasionar no servizo o que o depósito sexa un só, e calquera avaría ou problema que tivera Magalofes quedaría sen auga e dende o seu punto de vista, cando se fai un proxecto da envergadura deste, que rolda o millón de euros, un proxecto o suficientemente importante como para facelo e facelo ben, pedirían que a Corporación se tomara en serio todas estas actuacións e cando falan de que se tomen en serio falan de que veñan coa súa documentación necesaria, cos proxectos estudados e analizados por parte da Corporación, e por suposto cos informes

necesarios por parte dos técnicos e dos organismos que teñen que informar, como apuntaba o voceiro do PSOE e apuntaban eles no pleno anterior, os informes dos técnicos son necesarios pero a nivel informativo para que poidan corraxir aquelas deficiencias que non son capaces de detectar, os técnicos son os que realmente saben cales son as deficiencias que hai que corraxir, e ninguén caeu na conta da presión da auga ata que o técnico informou, ou de que o depósito era dun só recipiente e os problemas que iso podería ocasionar, e se se tivera o tempo necesario para poder corraxilos non habería que andar con estas presas de última hora e tomando acordos que dificilmente poden acadar todos aqueles resultados que fosen necesarios. Continúa a Sra. Blanco Pico dicindo que este proxecto, aparte das deficiencias que antes apuntaba, votan en falta un compromiso por parte dos órganos de financiamento do proxecto, que non entenden como se pode traer a aprobación un proxecto onde non hai ningún compromiso por escrito de financiamento, e pregunta que cómo vai o Concello de Fene a facerse cargo deste financiamento, que claro que confían en que os organismos cumpran coa súa palabra pero de verdade que lles gustaría velo reflectido por escrito cando se trae a este pleno porque non se pode traer palla, non se pode vir aquí a aprobar fume, hai que aprobar as cousas realmente como son. Continúa dicindo que descoñecen o tempo que hai para executar esta obra porque non se di en ningún sitio, nin como vai vir o financiamento, se virá toda ou por tramos, porque ultimamente os organismos oficiais o que están a facer é parcializando o financiamento das obras e así se atopan en varias ocasións con que o Concello ten que adiantar os cartos, e adiantar un tercio ou dos tercios de case un millón de euros, non sabe se hai informe por parte de Intervención de se isto se pode acadar, dende logo baixo o seu punto de vista, queren que Magalofes teña auga, da mellor maneira posible, o mellor servizo que se lles poida prestar aos veciños e lles gustaría que non fora só a marxe dereita da estrada senón que fora completo, e lles gustaría que esa presión de auga fora a que realmente ten que ser, que as instalacións contaran con todas as calidades necesarias. Di que van apoiar este proxecto, pero queren facer unhas consideración que cren que son necesarias, en primeiro lugar van a supeditar a que haxa un compromiso firme por parte da Consellería do financiamento do proxecto ou, cando menos, coñecer ata onde se vai a financiar e que se corraxan todos os problemas e erros que se apuntan nos informes dos técnicos, que entenden que no informe que o técnico fixo o 19-12-06 é bastante importante que se acometan estas correccións e imaxina, non o coñecen, cal é o informe que presentou onte pero queren facer constar que tamén as que se apunten neste informe, que tamén se teñan en conta e remata dicindo que van votar a favor do abastecemento de auga a Magalofes.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que dende que tiveron coñecemento de que había a posibilidade de que isto se producira estiveron de acordo, na comisión informativa de urbanismo tamén o apoiaron e como os motivos son os mesmos pois van votar aquí tamén favorablemente. Di que os motivos son moi variados e todos van polo camiño de que hai que apoiala, hai que ter en conta que é unha obra importantísima para a parroquia e para os veciños, fálase duns catrocentos ou cincocentos veciños que se van ver favorecidos por esta obra, o orzamento e dun valor alto e considerable, máis de cento trinta e sete millóns de pesetas que vai pagar a Consellería de Medio Ambiente e que dende o seu grupo sempre estiveron, están e estarán a favor de que se realicen toda clase de obras e servizos básicos como, neste caso, a auga; di que é certo que cando se presenta o informe técnico do enxeñeiro municipal ven que fai unha serie de observacións e consideracións técnicas que melloran unha serie de deficiencias que observaba no proxecto, que indubidablemente que lles gustaría que se fora posible se solucionaran todas, agora haberá que tirar para adiante e facer todas as que o proxecto permita, o importante é que hai que ir ao práctico e solucionar as necesidades dos veciños e por estes motivos van votar afirmativamente.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que ante todo darlle as gracias a tódolos grupos que, polo menos, están de acordo e votan a favor de que Magalofes teña auga e iso é moi importante para todos os que viven en Magalofes, pero que tamén quere darlle as gracias e o gardaba para o final, gracias por enriba de todo ao Conselleiro de Medio Ambiente porque este si que foi un cabaleiro, é certo que non o asinou en papeis pero está a palabra del e lle consta que a súa palabra é un documento. Continúa o Sr. Pico Sanmartín dicindo que o Concello con este proxecto en definitiva non tería que poñer nada, tería que poñer o proxecto, non perdería máis nada porque non hai outro compromiso con ninguén de nada, nada máis que de facer o proxecto e que non dubida neste caso da palabra do Conselleiro e do director de Augas; que hai outras obras no Concello de Fene que afortunadamente agora estanse a facer e estaban asinadas, pero estaban asinadas sen cartos e non polo conselleiro de Medio Ambiente precisamente, e houbo que buscar cartos para volver a sacalas a poxa e facelas, actualmente estanse a facer. Di que os informes técnicos, reconece que son moi importantes, non vai dicir o contrario, pero tamén di que está convencido e oxalá nisto estea enganado, que chegue primeiro a auga a Magalofes que os informes técnicos, entón sería que se enganou totalmente, pero está convencido de que tanto o informe sanitario, como de Aquagest, como os sectoriais, seguramente van chegar a tempo para instalar a auga en Magalofes, que tódolos informes fanse en combinación cos técnicos, o que pasa é que dende que se redacta un proxecto coas cousas que vai levar ata que sae ao final, efectivamente hai cambios, os cambios correxíronse case todos, non se corrixiu o do depósito que aínda se vai intentar corrixiu porque vanlle plantexar ao Director Xeral de Augas que coas baixas se financien esa dobre cara no depósito, non sabe se é posible pero se vai plantexar para que poida ter esa dobre cámara, e se non a ten tampouco é un problema grave, é moito mais importante ter a auga aínda que sexa nunha cámara soa que non tela. Continúa dicindo que no tema de darlle auga ás dúas márxes, por suposto que ninguén ten mais interese que el en darlle auga a Magalofes casa por casa, pero os cartos son os que son e de mil catrocentos millóns de pesetas que é o custo do proxecto completo con dobre cámara do depósito e distribución a tódolos lugares de Magalofes houbo que baixar aos oitocentos vintetrés mil, porque isto partía dunha base inicial de setecentos corenta mil euros, isa era a cantidade que estaba comprometida coa Conselleira e se foi a oitocentos vintetrés e non se podía ir a un millón catrocentas mil, e repite que lle da as gracias a todos pero tamén di que ninguén ten mais interese que el en darlle auga a Magalofes e se non se leva a máis sitios é porque non se pode, porque os cartos son os que son e hai que chegar onde hai que chegar.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a proposta a votación ordinaria, resultando aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a Proposta da Alcaldía de data 4 de Xaneiro de 2007 anteriormente transcrita.

5º.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA (ARTIGO 82.3 DO R.O.F.) MOCIÓN DE EU-IU POLA DEFENSA DA AUTONOMÍA LOCAL E DA DIGNIDADE DEMOCRÁTICA E EN APOIO DA SOBERANÍA LEXITIMAMENTE CONSTITUÍDA DO CONCELLO DE SESEÑA.-

Antes de entrar no estudio do asunto, de conformidade có disposto no artigo 82.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión na orde do día do asunto, sendo ratificada por unanimidade.

Seguidamente dáse conta da moción de EU-IU de data 27 de Decembro de 2008 (entrada o 27 de Decembro e número de rexistro 8015), a cal, redactada en castelán e transcrita ao galego di:

“O Grupo Municipal de ESQUERDA UNIDA NO CONCELLO DE FENE, a través do seu voceiro Manuel Sánchez Martínez e ao amparo do previsto Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presente a seguinte MOCIÓN, para o seu debate no Pleno.

POLA DEFENSA DA AUTONOMÍA LOCAL E DA DIGNIDADE DEMOCRÁTICA E EN APOIO DA SOBERANÍA LEXITIMAMENTE CONSTITUÍDA DO CONCELLO DE SESEÑA

Dende que no mes de xullo pasado, o Alcalde do Concello de Seseña (Toledo), Manuel Fuentes Revuelta, de Esquerda Unida de Castilla-La Mancha, presentou unha denuncia diante da Fiscalía Anticorrupción, que posteriormente abriu dilixencias, no que expoñía as presuntas irregularidades que rodean á urbanización de case dous millóns de metros cadrados para construír 13.508 pisos (280 bloques de 10 plantas de altura, que suporía un aumento dun 500% da poboación actual deste municipio toledano) a un prezo medio de 280.000 euros (46 millóns de pesetas) o promotor deste Plan de Actuación Urbanística veu practicando toda unha operación de acoso e presión hacia o alcalde de Seseña para intentar desvirtuar os acordos tomados pola Xunta Local de Goberno deste consistorio.

Este empresario no 1991 foi condenado por ameazar ao Alcalde de Boadilla del Monte, que procedeu ao peche dunha planta formigoneira da súa propiedade. Foi declarado “persoa non grata” polo concello madrileño de Villaviciosa de Odón, cuxa Alcaldesa, do Partido Popular, denunciou recibir ameazas de morte e vexacións hacia a súa persoa, provenientes dun xornal financiado por este señor, sendo condenado o rotativo pola segunda cuestión.

En Seseña estase a desenrolar unha campaña de presión absolutamente intolerable e insidiosa dun empresario privado contra representantes dos cidadáns que desempeñan decentemente a función para a que foron elixidos democraticamente.

Non se trata só de defender e apoiar ao Alcalde de Seseña na súa condición de representante dos cidadáns de Seseña, senón tamén o control cidadá, a transparencia e a participación cidadá na xestión urbanística, o entorno natural de nosos municipios, o equilibrio territorial, o solo público para destinalo á construción de vivendas dignas, baratas e accesibles e por suposto os dereitos fundamentais proclamados pola Constitución Española de 1978.

É necesaria a unidade de todas as forzas políticas, sindicais, empresariais e sociais para poñer freo ás formas de actuar de personaxes que pretenden influír nas decisións soberanas das institucións a través do seu poder económico. Ninguén por moitos recursos que teña, pode situarse á marxe da lei e do respecto ás administracións. As decisións que deben adoptar o alcalde e a corporación en interese dos seus cidadáns e en defensa da lei non poden quedar supeditadas a probas de forza de ninguén, por poderoso que sexa.

Por todo elo, o Concello de FENE acorda;

1. Manifestar o noso total rexeitamento ás coaccións ilexítimas que puidera sufrir o Alcalde de Seseña e os membros da corporación no desenrolo das súas funcións.

2. Manifestamos o noso APOIO E SOLIDARIEDADE co Alcalde-Presidente de Seseña (Toledo), e rexeitamos calquera actuación que pretenda influír nas súas decisións de maneira ilexítima.

3. Solicitamos á Delegación do Goberno de Castilla La Mancha, que preste o seu amparo institucional ao Concello de Seseña, e preste especial dedicación á protección e seguridade persoal do seu Alcalde, a través das forzas e corpos de seguridade do estado.

4. Solicitamos á Xunta de Comunidades de Castilla La Mancha, que vele polo cumprimento da legalidade nas actuacións de desenvolvemento urbanístico que se desenvolvan no ámbito da nosa comunidade e que preste o seu asesoramento e recursos para resolver a problemática suscitada na localidade de Seseña da maneira máis eficaz e acordo aos intereses dos veciños deste municipio.

Este acordo será remitido a:

Concello de Seseña (Toledo)
Delegación do Goberno en Castilla la Mancha (Toledo)
Presidente da Xunta de Comunidades de Castilla la Mancha. (Toledo).”

Aberto o debate e despois de dar lectura á moción, pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen unha vez concedido manifesta que cre que o caso é coñecido por todos e que se moi graves son as ameazas e coaccións como acaba de explicar, se presenta o mais grave que neste caso é que se exercen sobre un pequeno Concello que é pouco máis que a metade de Fene, pero dende EU ven e están completamente convencidos de que se fora un gran Concello de capital de provincia isto non se produciría, e máis grave é que un empresario con moito diñeiro e poder ameaza a ese pequeno municipio, que as discrepancias que poida haber, e se este individuo tiña algunha razón a perde totalmente cando xa pasa a ameazar a unha persoa e se se une a que isto non é a primeira vez, que xa tivo problemas con outros alcaldes doutros concellos de diferentes grupos políticos, vese a caste desta persoa e é por iso que piden o voto favorable a esta Moción.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que o grupo socialista vai votar a favor desta moción de EU porque non só en Fene senón que no conxunto do estado o Partido Socialista tense pronunciado, ademais neste ano no que por fin están a saír á luz unha serie de irregularidades urbanísticas que están estendidas por todo o país e que sempre defenderon que son unha minoría que desgraciadamente enturba a clase política, e aos políticos dos municipios e a nivel local, pero unha minoría en todo caso. Di que o compromiso do Partido Socialista manifestouse hai meses na aprobación do famoso regulamento que presentara o Secretario de Organización José Blanco, que obriga a tódolos cargos públicos do Partido Socialista a desenvolver unha política urbanística acorde coa racionalidade e co medio ambiente e tamén o goberno de España, quere lembrar que recentemente ten creado unha fiscalía especial para perseguir todo este tipo de actuacións urbanísticas irregulares que están dando os seus froitos e os vemos nos medios de comunicación ultimamente con actuacións no concello de Telde en Canarias, en Andalucía, nas Illas Baleares e en Madrid, agora o Concello de Tres Cantos por exemplo. Continúa o Sr. Puentes Rivera dicindo que cre que é unha lacra e unha herdanza do pasado que hai que erradicar a política urbanística irregular e ademais, no caso de Seseña que trae hoxe a este pleno o concelleiro de Esquerda Unida, hai un engadido máis a esa problemática urbanística que é o desafío por parte dun promotor inmobiliario determinado ás autoridades cidadáns e locais de Seseña, é dicir aos Concelleiros, ao Alcalde e aos gobernantes elixidos

democraticamente polo pobo nunhas eleccións, ós representantes dos veciños e veciñas dese Concello, algo que é absolutamente intolerable, que un empresario por moi rico que sexa, por moitos pisos que constrúa no conxunto do Estado desafíe como fixo con manifestacións dos seus empregados cun medio de comunicación propio que difunde tamén no pobo, que desafíe aos representantes dos veciños e que, polo tanto, desafíe á democracia e a un pobo, e celebrando que a corporación de Seseña se manteña firme nas súas decisións e lembrando que é un traballo que teñen todos os partidos e todas as institucións durante os próximos anos de facer unha política urbanística sostible e racional, o Partido Socialista vai votar a favor desta moción de Esquerda Unida.

Seguidamente pide o uso da palabra a Sra. Blanco Pico quen, unha vez concedido manifesta que o Partido Popular vai votar a favor desta moción pero ao mellor resaltando outros temas que non sexan a persecución urbanística, aínda que lles preocupa, porque non cre que este sexa o tema principal senón o abuso que se pretende dalgunhas persoas sobre outras e veñen a darse en distintas corporacións e en distintos órganos de goberno, e cren que deben votar a favor desta moción porque todos aqueles cargos públicos que non poidan desempeñar a súa labor de goberno ou de oposición, con todas as liberdades ca lei lles ofrece, deben recibir todo o apoio por parte da cidadanía e por parte dos organismos que sexan necesarios para que nun estado de dereito e liberdade poidan todos desempeñar os cargos que lle foron encomendados. Di que si é verdade que o tema de urbanismo é un tema que trae conflitos, pero cre que a estes concellos deberían apuntarse outros que os están tendo, non sabe se en menor ou maior medida, como o Concello de Foz ou como pode ser o veciño Concello de Cabanas, e que lles gustaría ter unha vara de medir para medir a todos por igual, lembrar que todos son dos mesmos grupos e das mesmas condicións.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Permy Martínez quen, unha vez concedido manifesta que van apoiar, como non podía ser menos, esta moción, máis que nada porque o que hai que defender por enriba de todo é a lexitimidade que teñen tódolos concelleiros do goberno e da oposición, cada un na súa función e cada un no seu traballo, de realizar o traballo para o que foron asignados, e o que están aquí defendendo é a liberdade dos municipios a desenvolver os seus plans de urbanismo, cando non o teñen polo menos que sexa dunha forma racional porque o desenvolvemento do urbanismo ten que ser o máis humano posible, e ás veces a calidade e a humanidade dentro do noso desenvolvemento na nosa terra non coincide con moitos empresarios ou moita xente, que o que lle interesa é facer casa onde poden e como poden, esa é unha das cousas que están a ocorrer, que non ven de agora senón de vello, en Fene, e o BNG sempre apostou porque houbera unha racionalización a través dos plans de urbanismo e cren, porque esa é unha maneira de defenderse da insolvencia ou da capacidade de infraestrutura que teñen moitos empresarios, ademais estes empresarios normalmente sempre van aos pequenos, non van ás grandes capitais onde hai suficiente persoal para defenderse, van polos pequenos, pero aquí o que estase manexando e recriminando é a fórmula e a forma de que un empresario, un persoeiro das altas finanzas, das baixas berces da nosa España está abasallando a un Concello e a toda a súa corporación polo mero feito de que ten diñeiro e moitos traballadores e pode facer o que lle da a gana, e ese é o fin desta moción, eles están por enriba de todo pola defensa das institucións, pola defensa dun urbanismo de carácter humano e de calidade, que moitas veces están enfrontados e non ten nada que ver co urbanismo que queren moitos empresarios, pero é a única maneira de garantir un bo nivel de vida aos veciños e volve a repetir que están de acordo coa moción e van votar a favor dela.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que non pretendía facer política con esta moción pero sabe que ao Partido Popular, non en Fene, senón en Galicia, en España, lle encanta politizar con tódolos temas, e canto máis

delicados sexan, mellor para politizar e fastidiar ao adversario, da igual o tema que se trate, o obxectivo é tumbar ao Partido Socialista neste caso. Continúa dicindo o Sr. Puentes Rivera que na súa intervención non dixo ningún concello galego, dixo concellos de diferentes signos políticos, porque o Concello de Tres Cantos non está gobernado polo Partido Popular, pero en calquera caso facía a voceira do Partido Popular unha referencia ao veciño concello de Cabanas e o acepta, é a ilustración máis fácil e a mostra máis evidente de cómo actúan uns e como actúan outros; que na súa intervención dicía que o goberno central puxera en marcha esta Fiscalía especial para perseguir este tipo de delitos urbanísticos, e que o propio partido socialista se dotara dun código de autoregulamento que obrigaba aos seus cargos públicos a ser coherentes con iso, porque é moi fácil vir aquí ao pleno e votar a favor dunha moción que presenta Esquerda Unida, é facilísimo, o caso é logo actuar día a día de acordo con iso que dicimos, e o partido socialista dotouse dun código de autoregulamento para obrigar a tódolos seus cargos públicos a respectar esa política urbanística razoable e sostible, e froito desas normas, a Alcaldesa de Cabanas hoxe non é a Alcaldesa de Cabanas, e gustaríalle que o Partido Popular, e non hai que saír de Galicia, en Tui por exemplo, fixera o mesmo cos seus Alcaldes que ten imputados en diferentes delitos urbanísticos e tamén invita á voceira do Partido Popular que veña un pouco mais cerca e que cruce a fronteira e que non só se denuncien irregularidades urbanísticas que poden existir nos Concellos veciños, senón que se mire tamén en Fene, determinadas ilegalidades que hai no Concello de Fene.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a Moción a votación ordinaria, resultando aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a Moción presentada por EU-IU anteriormente transcrita.

6º.- MOCIÓN URXENTES.

Non se presenta ningunha.

7º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía dictadas dende o anterior Pleno Ordinario e comprendidas entre os números 1010 do 1 de Decembro de 2006 e a número 1113 do 29 de Decembro de 2006.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que dende o seu grupo municipal teñen catro preguntas, algunha combinada con rogos, as primeiras son coñecidas porque son as dos últimos dous plenos, rogar que se reúna canto antes a comisión da auga para poder coñecer por fin o informe polo que levan dende tempo esperando de Aquagest para poder emitir un ditame que estudie a comisión de Facenda e poder aprobar definitivamente a taxa da auga para o ano 2007 que quedou posposta cando se aprobaron neste pleno as demais taxas municipais, e espera que a resposta non sexa para a semana porque sempre é esta a resposta. Di que tamén está pendente a ordeanza de subvencións da que se falaba no informe de Secretaría que acompañaba ás bases que se aprobaron o outro día para a subvención de entidades culturais que tamén está pendente de aprobar; que rogan novamente ao grupo de goberno que inicie canto antes a negociación para

os orzamentos do ano 2007 para que se poidan aprobar antes das eleccións, cando menos, e que Fene poida ter un novo orzamento e poñer en marcha canto antes para que se poidan executar as obras que se contemplan nel, que cren que é unha necesidade importante que ten o Concello e pregunta tamén neste senso se hai algún avance dende o anterior pleno e se hai algunha data prevista para que se empece a falar dos orzamentos. Continúa dicindo que a última pregunta ten que ver cun asunto que saíu na última comisión de tráfico, que se falara por enriba dunha proposta do grupo socialista para estudar os fluxos de tráfico na rúa Tellerías en Perlio, algo que levan os veciños da zona do Cruceiro de Perlio, con firmas incluso, de estudar a posibilidade de que esa rúa se converta nunha dirección única para controlar un pouco o volume de tráfico que segue soportando aquela rúa, que foi comprensible no seu momento cando non había autoestrada e cando se conxestionaba a Avda. Marqués de Figueroa e a Avda. das Pias, pero que no momento forma parte xa do trazado urbano de rúas do Concello, que xa non é unha rúa que teña que servir para conectar dúas arterias de tráfico importantes como son As Pias e Marqués de Figueroa, xa como paso previo para urbanizala ou para adecentala polo menos, si que habería que reordenar o tráfico para contemplar unha dirección única, e queren saber simplemente se houbo algún avance nese sentido.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Permuy Martínez quen, unha vez concedido manifesta que pode contestarlle ao Sr. Puentes Rivera que mañá xa que é unha fórmula moi socorrida, pero hai unha cuestión importante, que estas preguntas que fixo o voceiro do Partido Socialista xa o comentaron e todo leva o seu tempo, que hai unha comisión da Auga onde había uns informes que están redactando os técnicos e mentres non os teñan, como comprenderá, xa que por un lado os están acusando de que están intentando meter todo como calzador e con informes a toda presa e outras veces cando fan que os informes estén ben redactados pois levan o seu tempo. Di que sobre a ordenanza de subvencións, hai unha reunión pendente do técnico de cultura e do técnico de servizos sociais con Intervención para darlle o último punto porque, xa explicou no último pleno, era moi fácil coller calquera ordenanza xeral de calquera concello que a teña aprobada e adaptala ao noso Concello, pero as nosas sociedades son como son e por enriba de todo están as nosas sociedades e cre que nisto coinciden todos. Continúa o Sr. Permuy Martínez dicindo que en canto ao orzamento xa no último pleno dixo que na primeira quincena do mes de febreiro se presentaría e espera cumplo.

Acto seguido pide o uso da palabra a Sra. Blanco Pico quen, unha vez concedido manifesta que quere preguntar como están as obras da piscina porque leron na prensa que se iniciaron, o cal alégralles un montón e lles gustaría que o concelleiro correspondente informara; tamén queren saber como está o tema da reforma do plan de urbanismo para a acometida da Rolda Oeste de Vilar do Colo porque hai xa uns plenos que preguntaron e se lles contestou que por silencio administrativo, entenden que non é así e queren saber como está o tema actualmente; que por outro lado queren saber se o grupo de goberno é consciente de que circulan uns boletíns informativos dun grupo político deste Concello onde se afirma que existen edificios construídos sen licenza municipal, que pensan que é un tema que se se coñece se debe denunciar, son afirmacións que non se deben facer á lixeira e se se fan débense demostrar e se o grupo de goberno ten pensado tomar algunha medida ao respecto, porque entenden que é algo que é un descrédito para a Corporación en xeral.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que se se refire ás obras do teito da piscina empezaron o martes e teñen o compromiso de que o día 12 están rematadas, co cal despois de moitas voltas vaise conseguir ter a piscina operativa o 31 de xaneiro como se dixo no principio; di que a reforma da modificación puntual do Plan si é verdade que veu da Xunta e están os técnicos mirando e tan pronto esté lista

pasárase por comisión para volvela a remitir á Xunta e que en canto aos edificios sen licenza ten que dicir que a él non lle consta que haxa ningún edificio sen licenza, e que se alguén sabe dalgún que o diga.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que polas indirectas da voceira do Partido Popular deduce que debe ser o voceiro dese grupo político, e que como o seu partido político se tomou o traballo de informar aos veciños mediante un boletín, supón que será este porque é o último que apareceu e están de acordo con esa información, simplemente invita á voceira do Partido Popular a que cando estea nos plenos escoite o que din os demais ou que revise as actas dos plenos porque, nese boletín, dise nin máis nin menos que o que o representante do PSOE na comisión de urbanismo dixo; lembra que en dous ou tres plenos polo menos, non se di nin máis nin menos que iso, e que manda narices que diga o Partido Popular que o PSOE acusa sen probas, porque non se está acusando, simplemente estase dando conta dun posicionamento político que é lexítimo, e simplemente di isto que manda narices que o PP diga isto cando soamente vai nomear dúas cousas, un suposto escándalo que rodou por todo Fene que descubriera o Partido Popular dun gasto desmesurado que fixera o grupo de goberno o BNG, que derrochaba os cartos de tódolos veciños comprando camisetas que custaran a dous ou tres euros cada camiseta, ise era o gran escándalo financeiro do concello de Fene, e publicado tamén en tódolos medios de comunicación nun momento determinado cando dous concelleiros do grupo de goberno, facendo uso das súas responsabilidades como delegados de determinadas áreas do concello de Fene, foron a visitar, como tódolos anos, aos rapaces que participaron no campamento de verán do Concello de Fene, que se dixo con moi boa intención como fai o PP de Fene, que se marcharan de vacacións a Cantabria dous concelleiros do grupo de goberno gastando unhas cantidades inxentes de cartos que non son máis que as dietas que temos aprobadas neste pleno, por tanto dicir que leccións por parte do Partido Popular neste sentido, as xustas.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Blanco Pico quen, unha vez concedido, manifesta que non quere contestar, só dicirlle ao voceiro do PSOE que lle agradecen que lembre unha vez máis o que ven reivindicando o Partido Popular e que se non había quen se decatara agora decatárase, e dálle as gracias.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que onte na mesa de contratación da obra do pavillón do Ramo quedou deserta por falta de empresas, e queren preguntar se pode saír outra vez a concurso ou se se vai perder a subvención.

O Sr. Alcalde resposta que se sacará por procedemento negociado que se pode facer legalmente.

Continúa o Sr. Sánchez Martínez dicindo que lle chegan unha serie de queixas da serie de obras que están a facerse en San Valentín, que a xente se queixa de que quedan mal, especialmente na zona do bloque 11, que quedan desniveis grandes, e outra cousa é que as baldosas choclean moito; que hai outro tema que se había tratado que é o aparcamento onde está o Vieiro, hai unha liña continua e quedouse en que se ía poñer descontinua para que puidese saír a Fene e Ferrol sen dar á volta ao bloque e qye tamén se quedou hai tempo do paso que hai entre Tellerías e a panadería en que se ían protexer as luces que as están rompendo continuamente, e tampouco se fixo nada, aquilo segue igual.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido manifesta que no tema das luces do paso de Tellerías, por mais voltas que se deron co electricista, non

saben como protexelas, e que non sabe o que hai que facer, de verdade, que o electricista foi vinte veces e calquera malla ou protección que se pon a rompen igual, e non sabe a solución; di que no tema de San Valentín é certo que hai baldosas soltas, non sabe por qué, que o luns ven o enxeñeiro que é quen ten que velo e falar coa empresa para solucionalo.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove horas e dez minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,
Alcalde-presidente

A secretaria,

Asdo. Xosé M^a Rivera Arnosó.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.